

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: FIXACIÓN DOS SERVIZOS MÍNIMOS NA FOLGA CONVOCADA PARA O 15 DE OUTUBRO DE 2025

ANTECEDENTES FÁCTICOS

Diversas organizacións sindicais teñen anunciado unha convocatoria de folga xeral para o día 15 de outubro por mor da situación actual en Palestina.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- O dereito fundamental de folga, recoñecido polo artigo 28 da Constitución española, está suxeito a limitacións e restricións no seu exercizo, derivadas da súa conexión con outras liberdades, dereitos ou bens constitucionalmente protexidos e “a lei que regule o exercizo deste dereito establecerá as garantías precisas para asegurar o mantemento dos servizos esenciais para a comunidade”. Na medida que a fixación dos servizos mínimos constitúe un acto limitativo de dereitos é preciso notificarllo coa suficiente antelación ás Organizacións sindicais convocantes da folga posto que así se contribúe a asegurar o recto uso da facultade recoñecida no artigo 28.2 da Constitución.

2.- Cómpre tamén fundamentar a determinación dos servizos mínimos, é dicir explicar os criterios seguidos para fixar o nivel de tales servizos. Esta Alcaldía pretende limitar o dereito de folga na medida indispensable para a protección dos bens e dereitos constitucionalmente protexidos. Para fundamentar a esencialidade do servizo ten que determinarse que de non manterse os servizos calificados como necesarios poderíase ocasionar un mal á comunidade maior que o que prexuízo que os folguistas sofren coa limitación do seu dereito, por ser a comunidade a destinataria do servizo e ser, tal servizo, esencial para ela.

As limitacións que se establezan, non obstante, deben ter en conta, como é notorio para todos, as circunstancias extraordinarias e graves que obrigan a afastarnos dos servizos mínimos fixados en convocatorias de folga nun contexto diferente como é o actual de emerxencia sanitaria na que nos encontramos como consecuencia da pandemia internacional provocada polo coronavirus SARS-CoV-2 que causa a COVID-19.

3.- Neste sentido, en atención ao criterio establecido no Auto do 19 de xuño de 2002 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, enténdese que os servizos mínimos que cómpre fixar para o período de folga convocado non poderán exceder en cada centro, departamento ou oficina o número de persoas que normalmente permanecen neles con ocasión dun domingo ou día festivo, salvo que se trate de órganos que tales días permanecen pechados, caso en que se terá que atender ás quendas establecidas para os sábados. Non entanto, e á marxe disto, resulta necesario que permaneza persoal suficiente para os efectos da captura dos datos de seguimento da folga.

4.- O Real Decreto-lei 17/1977, de 4 de marzo, no seu artigo 10 atribúe á Autoridade gubernativa a determinación das medidas necesarias destinadas a asegurar o funcionamento dos servizos esenciais.

Logo de ver o artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985).

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Primeiro.- Establecer como servizos mínimos coa finalidade de garantir o funcionamento dos servizos esenciais no Concello de Fene durante a xornada de folga convocada para o día 15 de outubro de 2025 os seguintes funcionarios e persoal laboral:

- a) Rexistro xeral do Concello: un/unha funcionario administrativo/a ou auxiliar administrativo/a
Enténdese obriga legal esencial o acceso dos cidadáns ao rexistro municipal.

b) Secretaría/Unidade de atención ao público: un personal subalterno/conserxe

Enténdese esencial garantir o mínimo funcionamento do Concello na atención ao público, citación e control de accesos no estado de pandemia actual.

c) Recollida de lixo: un/unha condutor/a e dous peóns/as de recollida de lixo.

Enténdese esencial garantir o mínimo funcionamento do Concello no servizo de recollida de lixo por razóns de salubridade.

d) Servizos sociais:

-Corresponde á empresa adxudicataria do servizo, coa participación do comité de folga, a facultade de designar as persoas traballadoras que deban efectuar os servizos mínimos, velar polo cumprimento dos mesmos e a organización do traballo correspondente a cada unha delas, respecto do persoal ao seu cargo.

-Facultar á xefatura do Servizo de Benestar e Igualdade e á Concellería delegada con responsabilidade de xestión deste servizo para comunicar por escrito ou vía electrónica aos traballadores/traballadoras que deban integrar os servizos mínimos establecidos no apartado primeiro deste acordo e que formen parte do SAF prestado directamente polo Concello.

Acordar como servizos mínimos para o SAF do Concello de Fene aqueles precisos para que, atendendo ás circunstancias das persoas usuarias da Servizo de Axuda no Fogar (especialmente a súa vulnerabilidade), quede garantida a cobertura dos servizos de carácter vital, priorizando, para iso aquelas funcións que se desenvolven no servizo.

En función do que antecede, enténdese por servizo mínimo ou esencial: a prestación de servizos de comida entendendo por tales tanto a elaboración de menús como a administración dos mesmos, servizos de hixiene persoal diaria, uso do WC, no seu caso, eliminación vesical e intestinal, axuda para erguerse e deitarse, transferencias, vestirse/desvestirse e supervisión de toma de medicamentos; cambios posturais necesarios para as persoas encamadas; apoio na mobilidade no propio domicilio, labores de acompañamento de persoas usuarias para acudir a centros sanitarios cuxa cita fora concertada previamente e non poida ser postergada así como si se producira unha alerta no domicilio, contacto cos servizos de emerxencias, saúde ou outros na franxa horaria habitual.

e) Obras e servizos básicos: o responsable da unidade de vías e obras e un chófer palista.

Enténdese esencial garantir o mínimo funcionamento dos servizos básicos, como son as labores de mantemento das infraestruturas municipais.

f) Limpeza edificios municipais: un/unha peón de limpeza de edificios municipais.

Enténdese esencial levar a cabo limpeza e desinfeccións nos edificios municipais que é necesario que queden garantidas por mor do risco sanitario.

g) Obradoiro de Emprego: a directora do Obradoiro de Emprego e un formador.

Enténdese esencial garantir o dereito á asistencia dos alumnos-traballadores ao Obradoiro de Emprego.

Segundo.- Establecer coa finalidade de garantir o funcionamento dos servizos mínimos esenciais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene durante a xornada de folga convocada para o día 15 de outubro de 2025, que pola concesionaria da explotación do servizo VIAQUA, se concrete e designe persoal técnico necesario e suficiente para atender a posibles incidencias no normal funcionamento do servizo, coa mesma porcentaxe e dotación de traballadores que prestan os servizos de emerxencia os domingos e festivos.

Terceiro.- Facultar ás xefaturas de cada Servizo ou Concellerías delegadas con responsabilidade de xestión de servizos para comunicar por escrito ou vía electrónica aos traballadores/traballadoras que deban integrar os servizos mínimos establecidos no apartado primeiro deste acordo.

Cuarto.- O incumprimento da obriga de atender ós servizos mínimos será sancionado de conformidade co previsto na normativa aplicable.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos representantes sindicais no Concello, aos departamentos de Secretaría, Servizos e Benestar Social, ao responsable dos talleres ocupacionais, ao concesionario do servizo de abastecemento de auga e da rede de saneamento e a empresa prestadora do servizo de axuda no fogar Protección Geriátrica 2005 S.L.

Sexto.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

C.I.
F:
P-
150
360
0-G